

Don Pablo Montero Carrera, secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 26 de setembro de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Dar conta da oferta presentada polo Real Club Náutico de Sanxenxo, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación do patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR (Expte.- 2024056689).*

Por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 20 de setembro de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR, cun valor máximo estimado de 125.000,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar ao Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 20/09/2024.

O Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	103.305,79 €
IVE (21 %)	21.694,21 €
Importe ofertado con IVE	125.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada polo Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

